

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

HISTORIA DA LINGUA

Henrique Monteagudo: "A finais do reinado de Afonso IX estaba a pasar algo coa lingua dos textos"

O sociolingüista Henrique Monteagudo bateu con este documento por casualidade, como consecuencia dunha encarga para estudar os textos romanzos entre 1230 e 1255 xa editados. Pero agochado por un erro de datación estaba o primeiro texto romanzo localizado en Galiza: o Foro do bo burgo de Caldelas.

- 10:33 16/06/2005

Vieiros: Este era un documento xa coñecido...

Henrique Monteagudo: Si, este [documento](#) foi editado pola duquesa de Alba en 1895, e dende aquela todo o mundo admitiu o que alí se dixerá, así que Martínez Salazar, en 1911, o datou como posterior a 1250 polo modelo de lingua.

E ti dátalo antes pola presenza do selo real...

Non, o selo fáiame sospeitar da datación, pero eu dáto en 1228 porque é a data que figura no documento. Porque é esa data. Porque ten todas as características diplomáticas desa época, precisamente. E porque agora sei, ao estudar a documentación primitiva, que é posíbel esa datación, ao termos por exemplo a referencia dos documentos de Melón, de 1231. É dicir, temos cousas que daquela Martínez Salazar non podía ter...

Así que este Foro se converte no documento galego en romanzo máis antigo?

Ata o de agora o texto máis antigo era a [venta dunha herdade do mosteiro de Melón](#), que o profesor Souto xa ten publicado. Pero, claro, na época de Martínez Salazar sabíase moito menos, e coñecíanse moitos menos documentos desta data, de xeito que a el a data non lle parecía lóxicamente posíbel. El non puidera acceder ao documento orixinal, e ao ler na edición da duquesa que é unha copia dun documento anterior "romanzada", entende que é unha copia posterior, e que a data é do orixinal en latín. En realidade, e como podemos ver, é unha copia romanzada, si, pero dun orixinal latino anterior, dun foro de Caldelas outorgado polo rei Fernando II. Aí vén o malentendido. A duquesa fala do romanzado do anterior, e non de que sexa unha copia dun texto latino de Afonso IX.

Por que cres que se escribiu este documento en romanzo?

É unha boa pregunta que eu de momento non podo chegar a responder correctamente. O carácter cívico do documento puido axudar ao uso do romanzo. Ademais, que o redactase o notario do concello de Allariz é un feito bastante extraordinario tamén. Haberá que buscarlle a pista a ese Nuno. O caso é que tamén axuda a entendelo, pois o notario do concello non é o notario dunha catedral, nin dun mosteiro, nin o notario da

Corte. Esoutros notarios xa tiñan unhas pautas para facer os documentos en latín, pero un señor coma este Nuno, que non tiña eses modelos, gozaba de máis posibilidade para cambiar un pouco a pauta lingüística.

En todo caso, tampouco parece haber documentos posteriores semellantes...

Que non haxa documentos posteriores non estraña, porque Afonso IX morre moi pouco despois, en 1230, e a coroa de Galiza pasa a Fernando III de Castela, de forma que se daquela había un movemento de galeguización nos textos acabou por cortarse. Que sexa o único si que choca, pero empezou a fiar cabos e a decatarme de que a finais do reinado de Afonso IX estaba a pasar algo coa lingua dos textos. Por exemplo, ademais do de Melón, temos a referencia do Foro das viñas de Ribadavia, que se calcula que é de 1229, e que mestura leonés e galego... vamos, que está en romanzo, que é o significativo nesta época, e non en latín. Non é un documento deste tipo, posto que é unha inquisición, que ten unha categoría moi inferior, non emanou da chancelería real, pero si que ten un certo grao de relación con Afonso IX. E logo hai un documento que edita López Ferreiro nos "Fueros municipales de Santiago y su tierra", datado por el no primeiro terzo do século XIII, que é unha versión romanza en castelán, leonés e galego do *Forum iudicum*. Como se perdeu o orixinal, ou non se sabe onde está, sempre supuxemos que López Ferreiro botou a data un pouco a ollo mediante unha copia serodia, pero quizais agora debemos repensar esa datación.

A maior parte deses textos veñen das comarcas occidentais da provincia ourensá: Melón, Ribadavia, Allariz...

Era unha zona onde había unha poboación civil moi puxante. Cando falamos do paso do latín ao romanzo comprobamos que o ámbito clerical torceu polo latín. Por exemplo, o cabido de Santiago tardou moitísimo en empregar o galego na súa documentación. As catedrais galegas en xeral e a de Santiago en particular tardaron moito máis ca, por exemplo, os mosteiros rurais. E os que máis empurraban polo galego eran os burgueses, que non sabían latín. Ademais, algúns eran xudeus e tiñanlle aversión ao latín, que era a lingua da Igrexa.